

FONDO SOLIDARIO E AXUDAS DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR PARA O CURSO 2017/2018
PRAZO DE PRESENTACIÓN DO 23/05/2017 ATA O 23/06/2017 (INCLUÍDO)

FONDO SOLIDARIO LIBROS

CURSOS: 3º, 4º, 5º e 6º EP (Educación Primaria) e 1º, 2º, 3º e 4º ESO (Educación Secundaria Obrigatoria)

SOLICITANTES: todo o alumnado admitido, con independencia da renda per cápita da unidade familiar.

AXUDA: acceso aos libros de texto dispoñibles no fondo solidario do centro, por orde inversa á renda per cápita.

GARANTÍA:

- 6 libros de texto (renda per cápita igual ou inferior a 5.400 €).
- 4 libros de texto (renda per cápita igual ou inferior a 9.000 €).

AXUDAS PARA LIBROS

CURSOS: 1º e 2º EP e EE (Educación Especial)

SOLICITANTES: o alumnado pertencente a familias con renda per cápita igual ou inferior a 9.000 €.

IMPORTE DA AXUDA

- Renda* per cápita igual ou inferior a 5.400 €. EP: 170 €.
- Renda* per cápita igual ou inferior a 9.000 €. EP: 90 €.
- Alumnado* de EE ou con discapacidade igual ou superior ao 65%: 250 €

AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR

CURSOS: EP, ESO, EE

SOLICITANTES: o alumnado pertencente a familias con renda* per cápita igual ou inferior a 5.400 €.

IMPORTE DA AXUDA: 50 €

(Non se aplica o límite de renda ao alumnado de EE, ao alumnado con discapacidade igual ou superior ao 65% e ao alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia).

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

- Copia do libro de familia onde figuren todos os membros computables. Se non ten libro de familia ou non reflicte a situación a 31/12/2015, poderá acreditarlo con algún dos seguintes medios:
 - Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.
 - Certificado de convivencia.
 - Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.
- Certificado do grao de discapacidade de calquera membro da familia recoñecida por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.
- Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero no ámbito familiar.
- Resolución xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

LUGAR DE PRESENTACIÓN

- As solicitudes, entregaranse **nos centros docentes nos que estea matriculado o alumnado**. Presentarase unha **solicitud por cada unidade familiar**, de xeito que se un solicitante ten varios fillos ou fillas, deberá presentar unha solicitude para todos.

PUBLICACIÓN DOS LISTADOS DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS DAS SOLICITUDES DO FONDO SOLIDARIO

- Listado provisional: 14 de xullo de 2017
- Prazo de reclamación: 2 días seguintes á publicación da listaxe provisional
- Listado definitivo:

- 3º, 4º, 5º e 6º de EP: 21 de xullo de 2017
- 1º, 2º, 3º e 4º de ESO: 15 de setembro

Solicitudes e documentación

- As instancias facilitaranse no centro, nas Xefaturas Territoriais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e tamén se poderán cumprimentar e descargar na web: <http://www.edu.xunta.gal/portal/fondolibros> ou na web do centro: www.edu.xunta.es/centros/cpidexanceda.
- **Unha vez cuberta a solicitude deberá presentarse, xunto coa documentación**, debidamente asinada polo pai, a nai ou titor/a do alumnado. Todo isto sen prexuízo da sinatura por parte do resto dos membros da unidade familiar computables para os efectos de renda que sexan maiores de idade, excepto nos supostos de separación ou divorcio, nos cales poderá omitirse a sinatura do proxenitor que non teña a custodia do menor.
- Máis información no propio centro, na web: <http://www.edu.xunta.gal/portal/fondolibros> ou na web do centro: www.edu.xunta.es/centros/cpidexanceda.

Renda per cápita da unidade familiar

Para os efectos desta orde, a renda per cápita da unidade familiar é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2015 entre o número de membros computables, tendo en conta que computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33 % ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez, ou a equivalente de clases pasivas.

A renda da unidade familiar será o resultado de sumar as rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Cando presentase declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas no exercicio fiscal 2015, sumaranse a base imponible xeral (recadro 380) e a base imponible do aforro (recadro 395); cando non a presentase, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria. Nos casos de violencia de xénero non se terán en conta os ingresos do agresor para determinar a renda per cápita da unidade familiar.

Terán a consideración de membros computables da unidade familiar:

- Os pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o titor ou titores do alumnado.
- Os/as fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados. Terán a mesma consideración que os/as fillos/as as persoas en situación de tutela ou acollemento familiar permanente ou preadoptivo legalmente constituído.
- Os/as fillos/as maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Os/as fillos/as solteiros/as menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.
- Os proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida forman unha unidade familiar cos fillos que teñen en común.
- A persoa que, por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar coa persoa proxenitora do/da alumno/a.
- Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior.

Non terá a consideración de membro computable:

- A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.
- Agresor nos casos de violencia de xénero.

En todo caso, terase en conta a situación persoal e a composición da unidade familiar a 31 de decembro de 2015, agás no relativo á violencia de xénero que se aplicará o disposto na lexislación específica.